

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 6 de outubro de 2015

Asistentes:

Araújo Figueroa, Isaac

Fernández Acevedo, Rafael

Guerrero Gesteira, Isabel

Martínez Hens, Helena

Muleiro Parada, Luis

Pita Grandal, Ana María

Rodríguez Rodríguez, Emma

Ruiz Hidalgo, Carmen

Torres Pérez, Francisco José

Excusan a súa asistencia: Arias Martínez, María Antonia

Da comezo a reunión ás 11:10 da mañá co seguinte orde do día:

1.- Aprobación, se procede, de acta da sesión anterior.

Apróbbase acta da sesión anterior.

2.- Informes da Sra. Decana.

1.- A Decana informa sobre a entrega do Diploma acreditativo da certificación do SGIC.

Ao fío desta cuestión, informa da inminente renovación da cartelería/papelería do Centro no que se intentará facer unha referencia específica a tal certificación.

2.- A Decana informa sobre o VAD do Centro. Tense constatado unha perda de puntuación respecto aos primeiros anos nos que, se indica, se fixeron moitos cursos de formación docente).

O bolseiro de calidade Isaac Araújo fixo un informe sobre o VAD do Centro no que se poden extraer evidencias e ítems onde hai unha menor nota para corrixir erros de cara ao futuro Contrato Programa a partir do vindeiro curso.

Contémplanse items dubidosos como, o uso de faitic entre o profesorado.

Compromiso:

Facer unha revisión de tódolos ítems no programa informático, e pedir puntuación deglosada a Técnicos de Calidade. (Eduardo Carrera ts2).

Prazo: próxima comisión de calidade.

Carmen Ruiz fai referencia a unha petición expresa por parte da Vicerreitoría de propostas de cursos formación. Tal petición recibíuse nos Departamentos e o prazo finaliza o 19 de outubro.

3.- A Decana informa sobre o nomeamento de Carmen Ruiz como coordinadora do grao en Dereito e, polo tanto, nova integrante da Comisión de Calidade

3.- Proposta nomeamento de membros da Comisión de Calidade.

Proponse como nova integrante da Comisión de Calidade en representación do PAS a Paula Ramil.Vázquez.

Quedaría pendente por designar a un alumno ou alumna en calidade de alumnado de mestrado.

4. Debate e aprobación, se procede, dos informes de Coordinación das diferentes titulacións do Centro.

Respecto aos Informes coordinación avalíase o seu cumprimento formal.

Destácase a intensa labor de coordinación ao longo de todo o curso, Rafael Fernández Acevedo fai referencia a mais de 100 correos que evidencian tales tarefas.

En relación coas evidencias de coordinación, a Decana suxire que as evidencias vinculadas aos informes se recollan en formato pdf para podelas subir a aplicación nun formato o mais uniforme posible.

Ademais, faise outra suxerencia, no senso de facer como unha especie de acta da reunión de coordinación entre as coordinadoras/es e o profesorado para gardar como evidencia (e dicir, non aportar como evidencia simplemente o correo de convocatoria).

Apróbanse os informes de coordinación das diferentes titulacións do Centro.

5.- Debate e aprobación, se procede, do Plan de Información Pública e do Plan de Promoción para o curso 2015/2016.

O coordinador de calidade, Francisco Torres, puntualiza que tanto o Plan de información pública como o Plan de Promoción toman como base o do curso anterior. Dito isto, sinálese que dada a creación de sendas contas en Facebook e Twitter incorpóranse como canais de transmisión de información (no plan de información pública) e como medio de promoción (no plan de promoción) estas redes sociais.

Respecto ao plan de promoción pública, ínstase a incluír as accións centrais de promoción 15/16.

Apróbase o Plan de información pública 2015/2016

Apróbase o Plan de Promoción 2015/2016 coa modificación sinalada.

6.- Rolda de intervencións

6.1.- O coordinador de calidade, Francisco Torres, lembra aos coordinadores:

- Que a data límite para entregar os informes de seguimento será o 5 de novembro. Non obstante se informará a ver si se pode atrasar.
- Que para os informes os datos das enquisas e indicadores figuran na UEP.
- Que existe un novo modelo de informe de acreditación/seguimento, que se enviará aos coordinadores antes do vindeiro día 10 de outubro

Compromiso: Enviar novo informe de acreditación/seguimento

Prazo: 10 de outubro

- Os informes pivotarán sobre o control do cumprimento do Plan de melloras do ano anterior
- Ter en conta que nas enquisas de satisfacción as notas son sobre 5 mentres que no nosos obxectivos de calidade están sobre 7. Estes se variarán cando nolo indiquen desde a Área de Calidade.

6.2.- A Decana informa sobre a posibilidade de instaurar un control de firmas de asistencia do profesorado a clase vía tarxeta con código de barras.

6.3.- Así mesmo, a Decana: informa sobre un documento recibido no Decanato sobre prevención e actuación de posibles comportamentos disruptivos no aula que levará como informe á Xunta de Facultade.

Levántase a sesión as 12:20 horas de día sinalado, do que dou fe como secretario.

O Secretario

Francisco José Torres Pérez
Coordinador de Calidade

Visto e prace

Ana María Pita Grandal
Decana